



**ANEXO. APLICACIÓN AO PERSOAL DO V CONVENIO COLECTIVO ÚNICO DO PERSOAL LABORAL DA XUNTA DE GALICIA O RÉXIME DE VACACIÓNS, PERMISOS E LICENZAS DO PERSOAL FUNCIONARIO.**

En aplicación do disposto no artigo 21.4 do V Convenio Colectivo Único do persoal laboral da Xunta de Galicia, o pasado 25 de xuño de 2013, na xuntanza entre a Administración da Xunta de Galicia e o Comité Intercentros do persoal laboral acordouse o seguinte:

1. Aplicar ao persoal laboral da Xunta de Galicia o réxime de vacacións, permisos e licenzas establecido para o persoal funcionario no vixente texto do decreto legislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da Función Pública de Galicia e na Resolución do 12 de marzo do 2013, da Dirección Xeral da Función Pública pola que se ditan instrucións sobre o réxime de vacacións, permisos e licenzas; ou previa negociación, en normas posteriores que as substitúan.
2. Queda sen efecto o disposto no V convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia sobre o réxime de vacacións, permisos e licenzas, agás o establecido para as vacacións nos suposto de peche do centro de traballo e de ausencia masiva de asistidos, e a determinación da consideración de día inhábil no goce dos vinte dous días de vacacións do persoal que desenvolva o seu traballo a quendas.
3. Acordar a creación dunha comisión de seguimento, de composición paritaria entre os representantes da Administración da Xunta de Galicia e os representantes das organizacións sindicais presentes no Comité Intercentros do persoal laboral da Xunta de Galicia, encargada de estudar e propoñer as medidas necesarias para a súa resolución.
4. O presente acordo quedará recollido como Anexo IV bis do dito convenio colectivo.

En Santiago de Compostela, a 5 de xullo de 2013

Pola Administración  
O director xeral da Función Pública

José María Barreiro Díaz



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE FACENDA  
Dirección Xeral da Función Pública

Edificio Administrativo San Caetano  
15781 Santiago de Compostela  
Tlf.: 981545224 Fax: 981545225

**galicia**

Polo Comité Intercentros

O presidente do Comité Intercentros

Rodolfo Docampo Abalde

Vocais

M<sup>a</sup> Carmen Piñeiro Lampón (CSI-F)

O secretario do Comité Intercentros

Fernán Couto Araujo

Javier Lareu Rodiño (CC.OO)